



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dous de febreiro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Xosé María Arias Fernández e D. Iván Castro Díaz.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página	1/37	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) DE ACORDO COA NORMA UNE-EN 13808:2013. 1ª MODIFICACIÓN JULIO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25 de xaneiro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Proposta de inicio e memoria xustificativa, elaborada polo Parque Móbil da deputación de Lugo, con CSV: IV7PFUPD3NMIXCEYSYMT74CC44¹.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil, con CSV: IV7PEPJINREMLK5KWVXQ6VYGGGE.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7PGDC5JAPLL6BY45VAONSOKM.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUSY3PXWDJ2P66UOMG4SOJ4.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WUSY6LRR7ZWODQFPGIH4Y.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WUTCLL5HI5CUD6MFG753X6I.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WUWYPFZN4TFH64FPNGMRUMM.

1 Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	2/37	



8. Acordo da Xunta de Goberno de data 17 de novembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WUD26HY5PV6UJ2VMCAYB7HY.

9. Anuncio de licitación publicado o 22 de novembro de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público, enviado ao DOUE o mesmo día e publicado 23 de novembro de 2024 neste Diario.

10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 28 de decembro de 2023, con CSV IV7WSPZOLDZ5WRHI7QFHIX7AKM, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Probisa Productos Bituminosos SLU.
Repsol Lubricantes y Especialidades S.A.

A Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas polos licitadores, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico, co seguinte resultado:

Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación:

Licitador	Oferta económica	Ubicación da pranta	Contratación feminina
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	572,21 euros, ive incluído	San Martín de Guillar, s/nº. OUTEIRO DE REI. 27154 LUGO	>50% mulleres
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	574,75 euros, ive incluído (tipo de licitación)	Roza do Monte s/n 27370 RÁBADE-LUGO, Fábrica de Asfaltos en Rábade	<50% mulleres

Licitador	Oferta económica	Contratación feminina	Total
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS SLU	93,85 puntos, resultado de restar 1,15 puntos aos 95 puntos iniciais.	5 puntos	98,85 puntos
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.	0 puntos, xa que segundo criterio 1 do PCAP: As ofertas que iguallen o tipo de licitación obterán 0 puntos.	2,5 puntos	2,5 puntos

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	3/37	

Incorpórase informe asinado polo Enxeñeiro de Camiños, con CSV V7AUYP5ZRO55WB4YZUEGUQPAE procedente do expediente 2022/CON_02/000049, no que recolle:

As instalacións da empresa Probisa atópanse situadas en Salete, 21, 27154 Outeiro de Rei, Lugo. Buscando o recorrido máis axeitado utilizando a ferramenta de uso cotiá google maps, obtemos unha distancia de 4,6 qm.

Atendendo á fórmula indicada no PCAP, a puntuación por distancia obteríase coa fórmula:

$0,25 \times \text{distancia}$

Sendo a distancia 4,6 qm, a puntuación sería de $-0,25 \times 4,6 = -1,15$ puntos.

1,15 puntos que habería que descontar á puntuación obtida pola oferta económica.

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Requirir á empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. para que, no prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADJUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
593.750,00 €	29.687,50 €

11.- Resolución de Presidencia de 3 de xaneiro de 2024, con CSV IV7W437KZ753XBHPZTXFKFCCI4, de clasificación e requirimento de documentación.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	4/37





12.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 5 de xaneiro de 2024.

13.- Documentación presentada pola empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. a través da plataforma de contratación do sector público 19 de xaneiro 2024 e da sede electrónica da Deputación de Lugo en data 22 de xaneiro de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 26 de xaneiro de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo coa norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación julio 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente: 2023/CON_02/000069, polo prezo unitario de 572,21 euros por tonelada, IVE incluído e importe máximo total de 593.750,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 124.687,50 €, o que fai un total de 718.437,50 €. A duración do contrato é de seis meses, con posibilidade de prórroga por outros seis meses. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	5/37



Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa á empresa Probisa Productos Bituminosos, S.L.U. a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo coa norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación julio 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. Expediente: 2023/CON_02/000069, polo prezo unitario de 572,21 euros por tonelada, IVE incluído e importe máximo total de 593.750,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 124.687,50 €, o que fai un total de 718.437,50 €.
Existe consignación na aplicación orzamentaria 9201.210 do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade indicada.

2º.- A duración do contrato é de seis meses, con posibilidade de prórroga por outros seis meses. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	6/37





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS PARA O PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de xaneiro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

- 1.- Proposta de inicio e memoria xustificativa, elaborada polo Parque Móbil da deputación de Lugo, con CSV: IV7PHTY3ZYUDZKMOCF5SGZAPNY².
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil, con CSV: IV7PGSDPAFH57BNPTUHUIMSDIM.
- 3.- Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7PGDTC3EZZTGET4NEEMFJEKY.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUSZ4DH5J5H7CZUONOBSDKQ.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WUSYKCE7Y33ZDY4V4BYZ7KU.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WUTILP3V2ZJOMYJ54IMI6OY.
- 7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WUWYPFZN4TFH64FPNGMRUMM.
- 8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 17 de novembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WUD27DLX3TSF7YDYED72VMA.
- 9.- Anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 22 de novembro de 2023, e remitido ao Diario Oficial da Unión Europea na mesma data.
- 10.- Anuncio de licitación publicado no DOUE o día 23 de novembro de 2023.
- 11.- Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

² Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	7/37	

12.- Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 28 de decembro de 2023, con CSV IV7WSPX42BJDYT4JW54GALSH6I, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes: Canteira do Penedo SA, CANPESA.

Tendo en conta que se presenta un único licitador e que presentou a súa proposta dentro do prazo estipulado, a Mesa de Contratación acorda admitir a oferta presentada polo licitador, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico, co seguinte resultado:

O Anexo I presentado pola empresa axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación:

Porcentaxe de desconto	Contratación feminina
8,01%	>50% mulleres

A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Puntuación prezo	Puntuación contratación feminina	Puntuación total
95 puntos	2,50 puntos	97,50 puntos

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Requirir á empresa Canteira do Penedo SA, CANPESA para que, no prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	8/37





conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
311.468,00 €	15.573,40 €

13.- Resolución de Presidencia de 3 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7W437LPF4C5LZTQJMCJYPGOY de clasificación e requirimento de documentación.

14.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 8 de xaneiro de 2024.

15.- Documentación presentada pola empresa Canteira do Penedo SA, CANPESA a través da plataforma de contratación do sector público 19 de xaneiro 2024 e da sede electrónica da Deputación de Lugo en data 25 de xaneiro de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 26 de xaneiro de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Canteira do Penedo SA, CANPESA a contratación da subministración de áridos para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo. expediente: 2023/con_02/000071, polo importe máximo de 311.468,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 65.408,28 €, o que fai un total de 376.876,28 €, ofertando unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego dun 8,01%.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	9/37



A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Canteira do Penedo SA, CANPESA a contratación da subministración de áridos para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo. expediente: 2023/con_02/000071, polo importe máximo de 311.468,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 65.408,28 €, o que fai un total de 376.876,28 €, ofertando unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego dun 8,01%.

O orzamento distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2024: 188.438,14

Anualidade 2025: 188.438,14

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.210, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 188.438,14.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade de 188.438,14 euros, na aplicación sinalada.

2º.- A duración deste contrato é de dous anos con posibilidade de dúas prórrogas anuais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	10/37





3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE HERBA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro, consta no mesmo:

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WYGZ43I65JKMD4FIWCFDV54.
- 2.- Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WYGSJYD6LXKXTVTUU6PS7AA.
- 3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WYULIHTRN3W557UE45ZLRME.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WYGRLPYOCTKU5Q4XVL5YG4Q.
- 5.- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7WYKD3HEV77HZYQB6V6RXPAQ.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	11/37



6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WYK7TLQNPLH6C7XUXEMP6EM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta prezo e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobación do gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 32.917,50 euros (IVE engadido, correspondendo a partida do IVE a 2.992,50), con cargo ó orzamento da anualidade 2024. Existindo consignación, na aplicación orzamentaria correspondente 4120.22799. RC: 220240002199.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	12/37	



Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación Provincial de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Impulso do Campus Terra de Lugo" ano 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"En relación ao asunto de referencia (EXP-2024/PES_03/001187) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial (...)" e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG.

Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página 13/37	

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: (...) C) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado (...)”.

Segunda.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Terceira.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	14/37





Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Cuarta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei.”

Quinta.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto, efectúanse as seguintes conclusións:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página 15/37	

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de colaboración que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA

Segunda.- El Progreso de Lugo SL radica na cidade de Lugo e é un diario que fai especial fincapé no que acontece na provincia de Lugo. Pon de manifesto o seu compromiso coa provincia.

Terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Quinta.- Nestes supostos de relación de colaboración con contraprestacións entre os beneficiarios non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 60.000,00 € na aplicación orzamentaria 3261.47900 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a aprobación de oficio do referido expediente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre El Progreso de Lugo S.L e a Deputación Provincial de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	16/37





actuación “Impulso do Campus Terra de Lugo” por importe total de 74.808,54 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio de colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación Provincial de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Impulso do Campus Terra de Lugo” ano 2024.

En Lugo, asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo o disposto no artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Blanca de Cora García-Montenegro, Presidenta de El Progreso de Lugo SL, con NIF B27000637 e sede social na Rúa Ribadeo, 5, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.-De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial” e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo).

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página17/37	

xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

(...)

c) Convenios asinado entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”

Cuarto.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio de colaboración, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre El Progreso de Lugo SL e a Deputación de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página	18/37	



Actuacións	CUSTE TOTAL
IMPULSO DO CAMPUS TERRA DE LUGO	74.808,54 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, as entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA EL PROGRESO DE LUGO SL
60.000,00 €	14.808,54 €
TOTAL: 74.808,54 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta. Ambas entidades comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución do obxecto do convenio reducir proporcionalmente as achegas das partes.

3.2. EL Progreso de Lugo SL:

En cumprimento do presente convenio de colaboración, El Progreso de Lugo SL, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio a cantidade de 14.808,54 € e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

Encargarse das contratacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2024.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	19/37



Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida pola Deputación, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de colaboración, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3261.47900 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira-

2.- Achega de El Progreso de Lugo SL:

El progreso de Lugo SL aportará para a execución do convenio a cantidade de 14.808,54 € e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

Titularidade do resultado da colaboración:

O resultado da colaboración será titularidade pública xa que é unha transmisión de información e de coñecemento á poboación en xeral.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que El Progreso de Lugo SL aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025. Este prazo de xustificación poder ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables a El Progreso de Lugo S.L a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento, a descrición do gasto e a imputación á axuda da Deputación.

Declaración responsable emitida polo representante de El Progreso de Lugo SL na que se faga constar o seguinte:

a) O custo total da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	20/37





b) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

c) Que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración.

e) Que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

f) Que a actividade realizada foi obxecto de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da axuda concedida e xustificante de pago das mesmas.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	21/37



Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa pro cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causa de resolución, efectuaranse por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	22/37





Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, El Progreso de Lugo SL incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

El Progreso de Lugo SL e a Deputación comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de colaboración.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	23/37



O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre entidades con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 60.000,00 € para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.47900 do vixente orzamento xeral do 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O EXCMO. CONCELLO DE LUGO (FORMALIZADO O 4 DE XULLO DE 1988) POR INCORRER EN CAUSA DE RESOLUCIÓN (ARTIGO 51.2.B) DA LEI 40/2017, DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO) E DA LIQUIDACIÓN DO MESMO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	24/37





“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP.: 2024/XEN_01/000296) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

En data 4 de xullo de 1988 asinouse un Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo que tiña por obxecto: “...a potenciación do Campus Universitario de Lugo mediante unha serie de actuacións que máis adiante se reseñarán. (...)”

Ampliación da delimitación do Campus.

Redacción do Plan Especial do Campus Universitario de Lugo.

Adquisición de terreos do Campus.

Construcción dun edificio complementario para a E.T.S. de Enxeñeiros Agrónomos e E.U. de Enxeñería Técnica Agrícola.

Urbanización do Campus.

Construcción de instalacións deportivas no Campus.

Inicia-las actuacións necesarias pra a creación, no seu caso, dun Instituto de Ciencias Agrarias, de acordo co que se estableza no seu día na Lei de planificación e desenvolvemento da ensinanza universitaria en Galicia.

Utilización da granxa provincial Gayoso Castro para prácticas e investigación.”

Consideracións xurídicas- administrativas.

Primeira.- No clausulado do convenio de referencia non se recolle un prazo de vixencia.

Segunda.- Na Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP, no sucesivo) establécese que:

“1. Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta Lei. Con todo, esta adaptación será automática, no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49. h).1.º

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página 25/37	

para os convenios que non tivesen determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tivesen establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos a contar desde a entrada en vigor da presente Lei. (...)”.

Terceira.- No artigo 51 da LRXSP recóllese o seguinte:

“1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo. (...)”.

Cuarta.- No artigo 52 da LRXSP establécese o seguinte:

“1. O cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes. (...)”.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto, infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde:

Primeiro: O inicio da extinción do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial de Lugo, e o Concello de Lugo, formalizado o 4 de xullo de 1988, e da súa liquidación, no senso de determinar que non quedan obrigas e compromisos pendentes por ningunha das partes asinantes.

Segundo: Comunicar aos representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Lugo, que dispoñen de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se acorde o seguinte:

1º.- Iniciar a extinción do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Deputación

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	26/37





Provincial de Lugo, e o Concello de Lugo, formalizado o 4 de xullo de 1988, e a súa liquidación, no senso de determinar que non quedan obrigas e compromisos pendentes por ningunha das partes asinantes.

2º.- Comunicar aos representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Lugo, que dispoñen de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN, POR PARTE DOS CENTROS XESTORES, DOS CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (2024/XEN_01/000297), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe,

Primeiro.- No regulamento orgánico da Deputación de Lugo (publicado no BOP de Lugo Núm. 202, o 3 de setembro de 2020), concretamente no seu artigo 59, recollese : “Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...)

8. Adxudicar os contratos de obras, servizos, subministración e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

18.. (...) aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións pública, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...)”.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	27/37	

Segundo.- Na lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, concretamente no artigo 118.1, dispónse que:

“Considerase contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministrados centralizados no ámbito estatal”.

En base ao anteriormente exposto, e coa finalidade de homoxeneizar por parte dos centros xestores a tramitación na concesión de convenios de cooperación cos concellos, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado a seguinte documentación (que se incorpora ao expediente):

- 1º. O convenio tipo de cooperación cos concellos.
- 2º. O Anexo I. Memoria de actuacións.
- 3º. O Anexo II. Certificación xenérica. (xustificación).
- 4º. O Anexo III. Declaración responsable. (xustificación).
- 5º. O Anexo IV. Declaración responsable. (tramitación do anticipo).

Segundo.- Determinar que o/a representante do concello debe aportar, xunto coa solicitude de convenio, a documentación que se relaciona a continuación:

A memoria de actuacións. (segundo o modelo aprobado).

O certificado de dispoñibilidade e de titularidade dos terreos. (no suposto de obras e subministrados que requiran instalación).

O proxecto ou memoria valorada asinada por un técnico. (no suposto de obra).

Terceiro. Establecer que a documentación aprobada pode ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento e conformado pola Secretaría sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio.”

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página	28/37	



1º.- Aprobar a seguinte documentación (que se incorpora ao expediente):

- O convenio tipo de cooperación cos concellos.
- O Anexo I. Memoria de actuacións.
- O Anexo II. Certificación xenérica. (xustificación).
- O Anexo III. Declaración responsable. (xustificación).
- O Anexo IV. Declaración responsable. (tramitación do anticipo).

2º.- Determinar que o/a representante do concello debe aportar, xunto coa solicitude de convenio, a documentación que se relaciona a continuación:

- A memoria de actuacións. (segundo o modelo aprobado).
- O certificado de dispoñibilidade e de titularidade dos terreos. (no suposto de obras e subministros que requiran instalación).
- O proxecto ou memoria valorada asinada por un técnico. (no suposto de obra).

3º.- Establecer que a documentación aprobada pode ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento e conformado pola Secretaría sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio.

4º.- Dar traslado do presente acordo aos centros xestores que tramiten convenios interadministrativos de cooperación con concellos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS EN CUMPRIMENTO DE SENTENZAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	29/37	

1. O 12/03/2020, o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) fixou o prezo xusto definitivo da finca denominada “Redondelo”, con referencia catastral 8715302PH1681N0001QU en Lugo.
2. Esta resolución do XEG levouse a cabo por solicitude do ministerio da lei contemplado no artigo 86 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a petición dos propietarios María Luisa Rodríguez Viador, Estefanía Penélope Lamela Rodríguez, María José Lamela Rodríguez, María Luisa Lamela Rodríguez e Manuel Luis Lamela Rodríguez.
3. O prezo xusto fixado polo XEG ascendeu á cantidade de 572.692,67 €, incluído o 5% do premio de afección, fronte aos 4.337.369,11 € que solicitaban os afectados.

Feitos.

A Asesoría Xurídica desta Deputación recorreu o citado prezo xusto ante o T.S.X. Galicia CON/AD SEC. 3 – 003 – A Coruña. O dito tribunal emitiu a sentenza nº 151/2022, do 22 de abril, desestimando o recurso. Esta sentenza non era firme e, polo tanto, cabía recurso.

Presentouse recurso de casación autonómico ante el T.S.X. Galicia CON/AD SEC. 3-003, que emitiu a sentenza 7034/2023, do 16 de maio, de inadmisión do recurso de casación con imposición de costas e manifestando que “contra este Auto no cabe recurso alguno”.

Ademais, presentouse recurso de casación ante el Tribunal Supremo. Sala de lo Contencioso- Administrativo. Sección: primera. PO Procedimiento Ordinario 7274/2020. Este tribunal emitiu a providencia 4861/2022, do 11/01/2023, de inadmisión a trámite do referido recurso de casación con imposición de costas.

Esta administración expropiadora, con data 25/01/2024, realizou a retención de crédito para o referido prezo xusto co número de operación 220240001839.

Conclusión.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Dar cumprimento ás sentencias firmes sobre os recursos presentados por esta Deputación ao prezo xusto establecido polo XEG.

2º.- Aprobar a resolución de fixación do prezo xusto do XEG, por importe de 572.692,67 €.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	30/37





3º.- Ordenar a consignación do citado importe na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial da Deputación de Lugo.

4º.- Ordenar que se notifique aos propietarios a posta á súa disposición da cantidade consignada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DAS AXUDAS REGULADAS NA ORDE TED/1326/2023, DO 17 DE NOVIEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS D PROGRAMA “RETO RURAL DIXITAL” PARA PROXECTOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA NO ANO 2023, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 11.12.2023 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publica no BOE a Orde TED/1326/2023, do 17 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións do programa «Reto Rural Dixital» para proxectos de capacitación dixital, e procédese á súa convocatoria no ano 2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Réxime xurídico.- Concorrenia competitiva (art. 2).

Beneficiarios.- Entre outros, as Deputacións provinciais, no exercicio das súas competencias (art. 3).

Obxecto.- De conformidade coas mesmas, estas axudas subvencionan proxectos que aposten pola capacitación dixital no medio rural.

As axudas que deberán desenvolver proxectos formativos de capacitación dixital nas zonas de prioridade demográfica, orientadas fundamentalmente a colectivos para os que se require unha perspectiva demográfica específica: as persoas maiores, as mulleres, a infancia e mocidade e as persoas desempregadas.

Os programas de formación deberán ter unha duración mínima de 7,5 horas. Constará de dous tipos de actividades:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	31/37



- a. Sesións Formativas: clases en grupo nas que se impartirán as materias do programa. As clases poderán ter formato presencial ou virtual.
- b. Mentorización: asesoramento por parte dun mentor, orientado a responder a necesidades específicas de cada alumno e alumna e a facilitarlle a posta en práctica dos coñecementos e competencias adquiridos durante o programa formativo.

Programa de formación. Obxectivos:

- a) A adquisición de habilidades básicas de navegación, localización de datos, manexo de información e verificación de contido dixital.
- b) A aprendizaxe de técnicas de comunicación e colaboración en rede, que permitan á persoa interactuar a través de tecnoloxías dixitais e xestionar a súa identidade dixital, así como relacionarse coas administracións públicas.
- c) A adquisición de coñecementos básicos sobre seguridade e privacidade en rede.
- d) A solución de problemas na contorna dixital.

Ámbito xeográfico (art. 5). Os programas de formación estarán dirixidos ás persoas que teñan o seu domicilio en:

- a) Municipios con poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- b) Municipios de máis de 5.000 habitantes, a condición de que as actuacións desenvólvanse en entidades locais menores, entidades singulares ou análogas (pedanías, parroquias, barrios rurais, concellos, aldeas, caseríos e similares).
- c) Municipios de máis de 20.000 habitantes con núcleos de poboación dispersos a condición de que as actuacións desenvólvanse nos devanditos núcleos.

Contía da axuda (art. 4). O importe solicitado non poderá ser inferior a 200.000€ nin superar os 750.000€. A cantidade concedida axustarase en función da contía solicitada polo beneficiario e o número de beneficiarios totais.

Gastos subvencionables (art. 7). Gastos de persoal asociados ás actividades e gastos en actividades (aluguer de bens inmoables, elaboración de materiais -máx. 20% da axuda-, gastos de difusión- máx. 5% da axuda- e revisión da conta xustificativa – máx. 5% da axuda-). Serán financiados os gastos contraídos desde o 01.10.2023 até o 31.03.2026.

Prazo de solicitude (art. 11). Sesenta días naturais desde o seguinte á publicación no BOE.

Consideracións.

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	32/37





Primeira.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Segunda.- Coa finalidade de abordar a recuperación socioeconómica fronte á crise, esta Deputación deseñou en 2021 a súa propia folia de ruta denominada Plan de propuestas de acción para la provincia de Lugo a través del Fondo de Recuperación Europeo (*Next Generation EU*).

Este documento, no cal se define a estratexia a seguir na provincia de Lugo a medio e longo prazo, está totalmente aliñado cos obxectivos que persegue o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Consello de Ministros do Goberno de España o 27 de abril de 2021 para a súa remisión á Comisión Europea, así como tamén coas recomendacións do Semestre Europeo para o noso país e cos obxectivos principais da nova Política de Cohesión para 2021-2027 que impulsarán os investimentos da UE durante este período. Comprende todas as actuacións que a Deputación de Lugo pretende financiar con cargo ao Fondo de Recuperación Europeo e tamén co novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

Para o seu desenvolvemento tívose en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando.

Establécense 6 propostas claves de actuación, cada unha delas aliñada cos eixos transversais, políticas panca e compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os obxectivos deseñados alíñanse co eixo transversal dirixido á transición dixital reducido a brecha dixital territorial e favorecendo a dixitalización inclusiva e sostible, sustentanda en infraestruturas que sitúen no centro ás persoas, impulsando o acceso da poboación ás novas tecnoloxías e á dixitalización da educación. Trátase de acadar a cohesión social e territorial reducindo as desigualdades, logrando un crecemento máis xusto e inclusivo.

Terceira.- Esta Deputación xa conta con experiencia no desenvolvemento de proxectos dirixidos especificamente a achegar á poboación á Sociedade da Información. Así, a través do programa InnovaTe2: Deputación Dixital, financiado con fondos FEDER, se executaron, entre outros, as seguintes actuacións:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	33/37



Fomento e potenciación da cidadanía dixital e da *e-administración*: a través deste programa se executaron accións dirixidas á redución da fenda dixital e ao fomento do uso das TIC por parte da cidadanía (cursos de alfabetización tecnolóxica e competencia dixital, seminarios prácticos, xornadas de información, concursos, sensibilización de nais/ pais cara as TICs, conectividade dinámica de asociacións e colectivos...).

Estimulación cognitiva e funcional a maiores da provincia de Lugo apoiándose no uso das tecnoloxías da información e a comunicación. En canto a estimulación cognitiva, realizouse a través dun *software* deseñado para tal fin que se executou nas *tablets*, traballando nas distintas capacidades cognitivas como a atención, a memoria, a linguaxe, o cálculo, as gnosias e a función executiva. En canto a estimulación funcional, fíxose a través das videoconsolas *Wii* e *Xbox Kinect* traballando diferentes aspectos da competencia funcional como a flexibilidade, a tonificación muscular, a velocidade de reacción, o equilibrio, a coordinación do movemento e a coordinación perceptivo-motora; entre outros.

En canto a alfabetización dixital, os contidos adaptáronse ó nivel dos usuarios, establecendo dous grupos, iniciación e avanzado, nos casos nos que procedía. Entre os contidos tratados están familiarizarse co uso do rato, do teclado e da interface de usuario *Windows*; saber interpretar e valorar a información que se atopa na rede e ser capaz de crear contidos propios e descubrir as redes sociais e o seu potencial de comunicación.

Cuarta.- O acceso ás axudas convocadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico permitiría á Deputación de Lugo formar á cidadanía dos concellos da provincia (agás á capitalidade) en competencias dixitais, en especial aos colectivos sociais máis vulnerables.

Permitirá garantir a inclusión dixital, diminuír a fenda dixital por cuestións de xénero, garantir a adquisición de competencias dixitais básicas pola cidadanía e garantir que as zonas en risco de despoboamento da provincia de Lugo aumenten a súa capacitación dixital.

Quinta.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...)17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	34/37





Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, este área propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a participación e a aceptación do procedemento regulado na Orde TED/1326/2023, do 17 de novembro, e tramitar electronicamente, ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de subvencións do programa «Reto Rural Dixital» para proxectos de capacitación dixital, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Promoción Económica e Emprego como á Sección de Innovación e Participación Cidadá co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total das actuacións do proxecto, por un importe de 750.000,00 euros.

A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento do proxecto obxecto desta solicitude. No caso de que esta Deputación resulte beneficiaria da devandita axuda a execución dos proxectos realizarase a través Servizo de Promoción Económica e Emprego coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2023/055 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	35/37



“Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/055, correspondente á Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón, as obras de “Ampliación local Social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- dona Sonia Carballo García (Taboada), en representación da Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón, presenta escrito con data de rexistro de entrada 17 de xaneiro de 2024, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2023/055.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por dona Sonia Carballo García (Taboada), en representación da Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón con nº NIF G27407220, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 12 de decembro de 2023, tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/055, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 318/2023-F.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Página	36/37





administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 318/2023-F seguido a instancia de D. Francisco José Penas Pardo fronte á Deputación en materia de persoal “contra a Resolución de data 29 de setembro de 2023 da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA	Fecha y Hora	07/02/2024 10:09:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W22R2OEMCRFEC2VEXP47UAA		Página 37/37	